

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DÍA 18/11/2019  
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

**SECRETARIO/A**

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA ACCIDENTAL**

ROSA M<sup>a</sup> OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 11:00 horas do día 18/11/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12 de novembro de 2019, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2019/5250**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

- 1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 18 de novembro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.
- 2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 18 de novembro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) **PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

| PROVEDOR                     | CIF       | PROPOSTA A APROBAR | DATA XGL   | CUMPRE LIMITES |
|------------------------------|-----------|--------------------|------------|----------------|
| AGRU. MICOLOXICA A CANTARELA | G36024081 | 1.500,00 €         | 18/11/2019 | SI             |
| EMPRESA PEREIRA, S.L.        | B36030997 | 264,00 €           | 18/11/2019 | SI             |
| FERNANDEZ PORTAS, ISIDRO     | 35431020A | 4.170,75 €         | 18/11/2019 | SI             |
| FERNANDEZ PORTAS, ISIDRO     | 35431020A | 4.170,75 €         | 18/11/2019 | SI             |
| GALBAN ZARAGOZA, CARLOS      | 35449729J | 299,63 €           | 18/11/2019 | SI             |
| IMATIA INNOVATION, S.L.      | B36499960 | 7.865,00 €         | 18/11/2019 | SI             |
| MUTUA SEGUROS A PRIMA FIJA   | V28865855 | 1.662,50 €         | 18/11/2019 | SI             |

- b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2019/5171**

Dáse conta do Recurso de Alzada presentado por Club Arosa SC con data 25 de outubro de

2019, en relación ao expediente de denegación de subvención ao Deporte Federado 2019, correspondente á tempada 2017/2018 ou exercicio 2018, ao que acompaña un documento de pago dunha débeda tributaria e o certificado de estar ao corrente coa Axencia tributaria de data 21 de outubro de 2019. Baseándose o citado recurso no pago o 7 de outubro da débeda que mantíña coa Axencia Tributaria.

Dáse conta do informe da Intervención Delegada da Fundación de Deportes, no que se indica:

En base ao contido do expediente, dos informes emitidos e ao expresado no recurso, cabe indicar:

Primeiro: O Club Arousa S.C. presentou a autorización para a consulta do cumprimento das obrigas tributarias asinada manualmente dentro do prazo e a asinada dixitalmente fora do prazo, tendo en conta que o Consello Reitor debía decidir si aceptaba a documentación asinada dixitalmente fora de prazo, podendo entenderse como un erro debido á nova tramitación dixital, e aos efectos de axilizar a tramitación do expediente, esta Intervención Delegada procedeu a solicitar a certificación correspondente da Axencia tributaria, primeiro mediante ficheiro electrónico e dos que resultaban negativos mediante consulta individual, sendo o resultado en ambos casos negativos para o citado Club. Por este motivo informouse que o Club non cumpría os requisitos para ser beneficiario de subvencións públicas.

Segundo: O procedemento de concesión de subvencións ao Deporte federado é de concorrencia competitiva, polo que no caso de aceptar a documentación presentada xunto co recurso de alzada estarase a producir unha discriminación con respecto ao resto de clubs solicitantes da subvención e sobre todo con respecto a aqueles outros clubs que por motivos menos importantes, tales como sinaturas de memoria ou non mencionar outras subvencións públicas concedidas, tamén lles foi denegada a subvención.

Terceiro: No artigo 24 do Regulamento da Lei xeral de subvencións e no artigo 11 do regulamento da lei de subvencións de Galicia simplifícase a acreditación do cumprimento de obrigas tributarias e coa seguridade social, sendo o tratamento diferente:

- No primeiro caso establececese a posibilidade de substituír a acreditación por unha declaración responsable naqueles casos que a subvención non sexa superior a 3.000 € e sexan concedidas a familias ou entidades sen ánimo de lucro, e no segundo caso - No segundo caso establececese a posibilidade de substituír a acreditación por unha declaración responsable naqueles casos que a subvención sexa do capítulo IV (correntes) e sexan concedidas a familias ou entidades sen ánimo de lucro.

Esta situación nunca foi tida en conta nas subvencións que tramita o Concello e a Fundación de Deportes ata o mes de maio de 2019, xa que a XGL na sesión celebrada o 28 de maio aprobou os novos convenios de subvencións nominativas e subvencións directas nos que se recollen modificacións que afectan a tramitación electrónica e a simplificación da acreditación do cumprimento de obrigas tributarias, entre outras. Modificacións que non foron recollidas nas bases ou subvencións tramitadas con anterioridade, pero que se poderán incorporar a próximas convocatorias.

En consecuencia, na actualidade o Club Arosa S.C. cumpre os requisitos para ser beneficiario de subvencións públicas, pero non no momento de tramitación das subvencións do deporte federado, polo que se informa negativamente o recurso de alzada presentado polo Club Arosa S.C., sen prexuízo dos informes que procedan e da decisión do órgano correspondente para resolver. Cabe indicar que no caso de que polo órgano competente aceptase o presente recurso sería de xustiza revisar tódolos expedientes denegados e conceder novos prazos para subsanación de documentación, polos motivos sinalados no punto segundo deste informe.

A Xunta de Goberno Local acorda que polo Consello Reitor, se así o decide, tendo en conta que

este ano se puxo en funcionamento a tramitación electrónica dos expedientes, se proceda a revisar todos os expedientes de subvención desta convocatoria denegados e se conceda un novo prazo para subsanación de deficiencias.

Acórdase así mesmo que se proceda, se así se considera, á realización dun expediente de modificación de crédito a efectos de contar co crédito necesario para o aboamento das subvencións.

### **PRP2019/5173**

Dáse conta do Recurso de Alzada presentado por Club San Martín en relación ao expediente de denegación de subvención ao Deporte Federado 2019, correspondente á tempada 2017/2018 ou exercicio 2018, con data 31 de outubro do presente ano, baseándose nun erro involuntario e ao prexuício económico de non conceder subvención ao citado Club e, de conformidade ao indicado nos antecedentes e consideracións xurídicas, pola Secretaria Delegada da Fundación de Deportes infórmase que:

Primeiro: O Club San Martín, indica no seu recurso que o erro involuntario foi presentar o PDF inicial presentado na solicitude de data 15/03/2019 e, comprobada a documentación o PDF presentado como subsanación non figura a mesma data, senon con data 30/06/2019, polo que non é o mesmo PDF, ao estar este modificado a data.

Segundo: Non se entra a valorar os prexuícios económicos que poida ocasionar a non obtención e aprobación deste Recurso, posto que o procedemento foi o correcto, tendo o devandito Club, prazo de subsanación e no que expresamente se lle indica que ten a obriga de declarar as subvencións doutras administracións públicas e no que en caso de non facelo así, entenderase que desiste da súa solicitude, o que conlevará o arquivo da mesma.

Terceiro: O procedemento de concesión de subvencións ao Deporte federado é proceso de concorrencia competitiva, polo que no caso de aceptar a documentación presentada xunto co recurso de alzada estarase a producir unha discriminación con respecto ao resto de clubs solicitantes da subvención e sobre todo con respecto a aqueles outros clubs que polo mesmo motivo ou por outros motivos, tales como sinaturas de memoria ou presentar anexos que non corresponden co procedemento desta convocatoria, tamén lles foi denegada a subvención.

En conclusión e polo anteriormente indicado, se informa negativamente o recurso de alzada presentado polo Club San Martín, sen prexuízo dos informes que procedan e da decisión do órgano correspondente para resolver. Cabe indicar que no caso de que polo órgano competente aceptase o presente recurso sería de xustiza revisar todos os expedientes denegados e conceder novos prazos para subsanación de documentación, polos motivos sinalados no apartado terceiro deste informe.

A Xunta de Goberno Local acorda que polo Consello Reitor, se así o decide, tendo en conta que este ano se puxo en funcionamento a tramitación electrónica dos expedientes, se proceda a revisar todos os expedientes de subvención desta convocatoria denegados e se conceda un novo prazo para subsanación de deficiencias.

Acórdase así mesmo que se proceda, se así se considera, á realización dun expediente de modificación de crédito a efectos de contar co crédito necesario para o aboamento das subvencións.

### **PRP2019/5194**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa necesidade de sinalización dunha nova praza reservada ó estacionamento de persoas con discapacidade nas inmediacións do Ambulatorio de San Roque.

Á vista do mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con discapacidade na Rúa Ricardo Caamaño ocupando parte da zona sinalizada para carga e descarga, pero sen eliminar na súa totalidade a mesma. Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2019/5195**

Dáse conta do contrato de arrendamento para uso distinto ao de vivenda asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e D. Jesús Mesejo Díaz, polo que D. Jesús Mesejo Díaz cede en arrendamento ao concello un inmovible situado en rúa Celso Emilio Ferreiro nº 13 planta baixa, porta nº 4, cunha superficie de 270 m<sup>2</sup> (Ref. Cat. 9760021NH1195N0004LK con destino a uso de garaxe para gardar os vehículos dedicados a actos festivos locais, por un prezo anual de 726,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.202.

Así mesmo o Concello faise cargo dos gastos correspondentes a subministrados de auga e luz e gastos da Comunidade de Propietarios.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado contrato de arrendamento e que polo Sr. Mesejo Díaz se presente a factura correspondente ao ano 2019 no presente mes de novembro, facturándose o ano 2020 no mes de xaneiro, tal e como figura na cláusula cuarta do contrato.

#### **PRP2019/5197**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de AREVA (Alcoholicos Rehabilitados de Arousa) solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia coa colocación de unha carpa, unha mesa e catro cadeiras, o día 15 de novembro, en horario de 10:00 a 13:30 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/5198**

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades SL, en representación da CP Castelao 23 dando queixa polo comportamento incívico e molesto por parte dos residentes dunha vivenda e solicitando a adopción de medidas co fin de comprobar e solucionar a situación exposta no escrito.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que cando se produzan os rúidos ou molestias deberán chamar á Policía Local aos efectos da correspondente comprobación.

#### **PRP2019/5199**

Dáse conta do escrito de Dona Jovana García Elich, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas no Parque de A Xunqueira, nas inmediacións da entrada do Centro Comercial Arousa, durante o período de outono e inverno.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización en precario ata febreiro de 2020.

A presente autorización concedese condicionada ó seguinte:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público,

polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

#### **PRP2019/5200**

Dáse conta de notificación da Dirección Xeral de Inclusión Social da resolución de subvención para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de inclusión (Expte. BS623C 2019/34):

| actuación  | importe concedido |           |           | estado   |
|--|-------------------|-----------|-----------|--|
|  | 2019              | 2020      | 2021      |  |
| Población gitana: inclusión sociolaboral básica, inclusión básica coa etnia xitana       | 0,00              | 14.222,74 | 8.291,18  | reformulación primeira anualidade por insuficiencia de crédito |
| población gitana: inclusión residencial vivenda: promoción e mantemento coa etnia xitana | 346,37            | 11.819,10 | 7.468,56  | concedida  |
| población gitana: formación adaptada Apor ESO: Reforzo socioeducativo coa etnia xitana   | 0,00              | 16.189,10 | 10.178,17 | reformulación primeira anualidade por insuficiencia de crédito |
| población gitana: mediación social, mediación intercultural: interculturalidade e acción | 0,00              | 4.047,12  | 2.312,64  | reformulación primeira anualidade por insuficiencia de crédito |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/5201**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Manuel Redondo Penide en relación con estacionamento de vehículos na zona de mercado o día 19 de outubro pasado.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se presta especial atención na zona do mercado á primeira hora da mañá, para deixar a zona libre, que unha vez ocupada e en función das necesidades do servizo acódesse novamente ás 15 horas, para asegurar os peches do tráfico durante a limpeza da zona por parte dos traballadores de Ferrovial.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se tomarán medidas por parte do Servizo de Mercados e Policía Local para evitar que os vehículos estacionen nas zonas de mercado independentemente de que chova ou veñan poucos postos, pechando o acceso ás rúas coa sinalización de custume.

No caso de suspenderse o mercado debería taparse a sinalización que prohibe o estacionamento de vehículos.

#### **PRP2019/5202**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co escrito presentado por d. José Antonio Franco Fernández denunciando a un axente da Policía Local por agresión, no que se indica que debido ao comportamento do condutor do vehículo e a negativa a cumprir as ordes do axente, así como ao estado de exaltación e nerviosismo que presentada, obrigou ao Policía a invitalo a que abandonase o vehículo, ao que se negou en reiteradas ocasións, debendo o Policía acceder á zona dos mandos ao obxecto de retirar as chaves do contacto e así adoptar a seguridade á intervención policial. O condutor obstaculizaba fisicamente o acceso ás chaves do vehículo debendo o policía empregar forza mínima imprescindible para acceder finalmente ás mesmas, conseguindo intervilas, ata o esclarecemento da situación do vehículo e do condutor, comprobando que o Sr. Franco Fernández figura con permiso de condución clase B en vigor.

En relación co vehículo carece de permiso de circulación en vigor ao ter caducada a autorización provisional dende o 13 de setembro de 2019, motivo polo que se procede á súa denuncia comunicando o Sr. Franco Fernández que pretende subsanar as deficiencias do vehículo para

continuar cos trámites de regularización do mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar o informe da Policía Local ao Sr. Franco Fernández.

### **PRP2019/5203**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos Platis Cores solicitando autorización para expoñer unha escultura (figura a tamaño natural) o día 25 de novembro "Día internacional contra o Maltrato á Muller", durante unhas horas na Praza de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, dado que dende a Área de Igualdade se están programando actividades para desenvolver no citado lugar para ese día.

### **PRP2019/5204**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Naveira Crespo solicitando autorización para instalar un remolque de patacas, bocadillos, etc para o mercadiño de Nadal.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para instalar o remolque durante a celebración da Feira FEXTURRÓN, no recinto de Fexdega, do 21 de decembro de 2019 ao 7 de xaneiro de 2020, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2019/5249**

Dáse conta do informe do Departamento de Informática, no que se indica:

Actualmente non existe no Concello unha aplicación informática específica de xestión de decretos da alcaldía. É necesaria a súa instalación polos seguintes motivos: estandarizar a xestión de decretos en todos os departamentos, realizar o ciclo de vida dos decretos dende a xeración automática ata a súa sinatura dixital, numeración, sistema de consultas e integración no libro correspondente.

O módulo de xestión de decretos debe formar parte da plataforma informática CÍVIDAS e-GOV que xestiona os expedientes municipais, os motivos son os seguintes: os decretos forman parte dos expedientes, os decretos deben usar o porta-firmas dixital de CÍVIDAS, a integración con terceiras aplicacións informáticas corporativas do Concello para temas tales como rexistro E/S, X.G.L. e decretos de Alcaldía farase a través da plataforma CÍVIDAS. Outro punto a ter en conta é a facilidade de operatoria ao formar parte da plataforma Cívidas.

Realizouse unha demostración da operatoria e funcioanabilidade do módulo, a secretaria xeral e o enxeñeiro informático, a valoración foi positiva e válido para a organización do Concello.

Por todo o anterior propónse que o módulo de decretos a instalar debe ser o da plataforma CÍVIDAS e-GOV da empresa Imatia Innovation S.L.

ORZAMENTO ESTIMADO DO CONTRATO INVERSIÓN (IVE incluído): 7.865 €.

CIF/NIF: B-36499960

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: ANO 2019.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Imatia Innovation S.L. a adquisición do módulo de xestión de decretos da plataforma CIVIDAS e-GOV, e servizos de instalación, configuración, posta en marcha e formación (dúas xornadas) por un importe de 7.865 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.64100.

. O mantemento e garantía desde módulo estará integrado no da plataforma CIVIDAS e-GOV e non suporá incremento do prezo de dito mantemento.

#### **PRP2019/5254**

Vista a proposta do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Isidro Fernández Portas, para a reparación da Cámara de conservación de peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 4.170,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2019/5222**

Dáse conta da documentación remitida á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e OU, por parte da Directora do Conservatorio Profesional de Música:

- Programación Xeral Anual para o curso 2019-20.
- Horarios de traballo do Profesorado do Conservatorio Profesional de Música para o curso 2019-20 dos dezaseis profesores do Centro.
- Asignación das tarefas de Coordinación dos Departamentos Didácticos para o Curso 2019-20 ao profesorado afecto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade á citada documentación.

#### **PRP2019/5223**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicais), para o subministro de material instrumental e didáctico por un importe total de 299,63 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **SANIDADE**

#### **PRP2019/5184**

Vista a solicitude de D. Juan José Expósito Chantada, e o informe correspondente, a Xunta de Goberno acorda a adxudicación do alugamento do nicho nº 4478 do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, por un período de 5 anos, a partir do 9 de outubro de 2019.

#### **PRP2019/5191**

Vista a solicitude de D. José Manuel Carro Troche, e o informe correspondente, a Xunta de Goberno acorda a adxudicación do alugamento do nicho nº 4160 do Cemiterio Municipal de , por un período de 5 anos, a partir do 6 de setembro de 2019.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2019/5166**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización do Pleno Infantil o día 20 de novembro de 2019, por importe total de 264,00 € , e adxudicar á empresa Empresa Pereira, S.L., por importe de 264,00 € (IVE engadido) a prestación dun servizo polo traslado de alumnos desde os centros educativos ao Concello, con cargo á partida 2314-22624.

Así mesmo acórdase aprobar a colaboración da Policía Local na supervisión da baixada dos/as nenos/as dos autobuses escolares (diante do bar Concello na zona reservada), cun horario de chegada ás 10:15 horas e saída as 12:15 horas.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2019/5183**

Dáse conta da resolución da dirección xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia de concesión das axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia para o ano 2019 convocadas ao abeiro da Orde do 23 de novembro de 2019 polo que se acorda conceder a este Concello unha axuda por importe total de 22.251 €.

Segundo a resolución de concesión as entidades beneficiarias deberán presentar ata o 15 de novembro de 2019 a documentación para a xustificación dos gastos e investimentos realizados consonte ao disposto no artigo 22 da Orde do 23/11/2018 que no seu último parágrafo establece que “ en todo caso deberanse achegar os xustificantes do pagamento efectivo dos importes recollidos nos convenios de colaboración establecidos entre a entidade solicitante e a entidade prestadora/xestora do servizo, a través da copia cotexada da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a aceptación da subvención e das condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **CONSUMO**

#### **PRP2019/5225**

Dáse conta de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra,



en autos do Procedemento Abreviado nº 19/2019, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por D. Francisco Javier Vidal Miguens, motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial presentada coa data de rexistro de entrada de 28 de setembro de 2018, polos danos causados no vehículo matrícula 4375JMF e que foi desestimada pola Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2018.

Tendo en conta que a citada Sentenza é firme e que no seu fallo condena ao Concello ao aboamento da cantidade de 352,07 € (mais xuros legais correspondentes e costas), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: proceder á execución da sentenza número 226/2019 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 3 de Pontevedra, coa data de 23 de setembro de 2019, cos seguintes importes:

- Principal: 352,07 €

- Xuros: 12,13 €

- Costas: 300,00 €

SEGUNDO: aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigaón a favor do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra polo importe de 664,20 € con cargo á partida 929.22699.

TERCEIRO: comunicar este pagamento á empresa aseguradora Mutua General de Seguros para que proceda ao aboamento pola diferenza entre a franquía concertada na póliza asinada (600,00 €) e o total da cantidade que resulta do cumprimento da citada sentenza 664,20 €.

#### **PRP2019/5226**

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Angelines Expósito Rodríguez polos danos sufridos o día 6 de outubro de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sufriu unha caída ao tropezar cun adoquín que sobresaie na Rúa Castor Sánchez esquina Av. Xoan Carlos I.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Zona peonil cun ancho de 4 m. en adoquinado e zona empedrada de 1,50 m. a cada marxe.

Informe sobre a deficiencia alegada: Na zona adoquinada da rúa, o adoquín non se encontra ao mesmo nivel dado que este está colocado de forma irregular saíndo cada adoquín 1 cm. aprox. entre uns e outros.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningunha dificultade de percepción.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que se considera que non existe ningunha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter superado sen dificultade.

#### **PRP2019/5227**

Dáse conta da reclamación formulada por D. Ignacio Abalo Martínez polos danos sufridos o día 6 de outubro de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sufriu unha caída ao tropezar cun adoquín que sobresaie na Rúa Castor Sánchez esquina Av. Xoan Carlos I.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Vial de aglomerado asfáltico de 6 m. de ancho de dobre sentido, sen pintado, nin delimitados os carrís..

Informe sobre a deficiencia alegada: No vial de 6 m. de ancho e longo duns 50 m., existen pequenos baches de 25 cm x 25 cm x 5 cm non podendo identificar o punto exacto onde foi a

caída..

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningún elemento que impida a visibilidade dos baches.

Dáse conta do informe de Mutua General de Seguros no que indica que entenden que o reclamante non acredita que os danos sufridos no seu vehículo sexan responsabilidade do Concello, podendo ter a súa orixe nunha causa allea ao mesmo. Non se avisou á Policía Local cando se produciu o sinistro para que comprobase in situ as causas e circunstancias do mesmo. Doutra banda o sinistro ocorre a plena luz do día e preto da zona na que reside o afectado.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que se considera que non se pode establecer un nexos de causalidade suficiente e adecuado entre a caída do reclamante e un funcionamento anormal do servizo público.

### **PRP2019/5228**

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Amparo Miguéns Durán polos danos sufridos o día 10 de setembro de 2019, cando, segundo a súa manifestación, sufriu unha caída ao tropezar cunhas baldosas soltas na Rúa Alexandre Bóveda.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Beirarrúa de 2,10 m de ancho con baldosas de 40 x 40 cm.

Informe sobre a deficiencia alegada: Na beirarrúa do sinistro existen 2 baldosas no centro da mesma que están soltas, cunha oscilación de + - 1,5 cm quedando libre a cada lado 0,80 cm.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: Non existe ningún elemento que dificulte a visibilidade das baldosas..

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que se considera que non existe ningunha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, sendo o obstáculo perfectamente visible e que se podería ter superado sen dificultade.

## **CULTURA**

### **PRP2019/5229**

Vista a solicitude de Dona Begoña Fontán Caeiro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 22 de decembro de 2019, durante todo o día, con motivo da realización do festival de curso de danza, tendo un prezo de entrada único de 4,00€, sendo a recadación para o solicitante.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo á sala solicitada (754 butacas).

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así coo recibo de abono da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar

a seguinte tarifa:

|                             | DÍAS-HORAS            | PREZO DÍA/HORA | IMPORTE  |
|-----------------------------|-----------------------|----------------|----------|
| Salón de Actos do Auditorio | 1 día                 | 264,70 €       | 264,70€  |
| Responsable de Sala         | 5 Horas (estimativas) | 10,20 €        | 51,00 €  |
| Operario (Tarde)            | 3 horas               | 10,20 €        | 30,60 €  |
| TOTAL                       |                       |                | 346,30 € |

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2019/5149**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Entidade Agrupación Micolóxica de Vilagarcía "A Cantarela" a xestión, organización e execución do IXI Concurso de Debuxo Escolar e XX Concurso de Fotografía Micolóxica Enrique Valdés Bermejo, por un importe total de 1.500 €, con cargo á partida 2314.22624.

